

*Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exerce-la actividade pesqueira e marisqueira.*

## I

Os recursos pesqueiros e marisqueiros en augas de Galicia están ameazados pola sobreexplotación, o que xera unha produción moi diminuída con respecto á posibilidade potencial dos devanditos recursos, co consecuente prexuízo tanto a nivel biolóxico, posto que supón a desaparición da explotación comercial de determinadas especies, como a nivel social, pola perda dun recurso que proporciona unhas rendas para os profesionais de mar.

A situación de sobrepesca é consecuencia do réxime de acceso aberto á explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros, e a única corrección posible a esta situación é a limitación deste acceso, para converte-la pesca e o marisqueo nunha actividade efectuada por un número limitado de profesionais. Así o Regulamento do Consello (CEE) nº 3.760/1992 considera que a instauración dun sistema comunitario de licencias de pesca expedido e xestionado polos estados membros recollido no título I do devandito regulamento pode contribuír á transparencia e mellora da explotación dos recursos. A dita limitación só pode levarse a cabo establecendo a habilitación administrativa correspondente, así como as condicións de acceso a esta. Esta competencia correspónelle ó Consello da Xunta de Galicia conforme o disposto no artigo 22.e) da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia (DOG nº 101, do 31-5-1993).

O establecemento dunha habilitación administrativa permite, pola súa vez, unha xestión axeitada do recurso, distribuindo os medios humanos e materiais de tal xeito que se asegure a continuidade na produción dos recursos ós niveis correctos, utilizando medios máis modernos e procurando a consecución de niveis de renda dignos para os produtores, tal como encomenda o artigo 130.1 da Constitución.

No caso das embarcacións de pesca, o permiso de explotación deberá constituirlo instrumento básico para realiza-la ordenación de caladoiros, xa que permitirá coñecer e regula-lo número de embarcacións que fan en cada momento cunha determinada arte ou modalidade. Ademais, este permiso habilitará a embarcación, e non os tripulantes, e isto obedece á lóxica de considera-lo marisqueo desde embarcación como unha actividade pesqueira máis, realizada por profesionais, e na que o control de acceso á actividade debe limitarse a través da unidade productiva: a embarcación, que deberá contar cun número máximo e mínimo de tripulantes para cada actividade.

No caso do marisqueo a pé, o Decreto 116/1987, do 14 de maio, polo que se regula a actividade de mariscador e se crea o carné de mariscador, supuxo un importante primeiro paso cara á profesionalización da actividade marisqueira. Co presente decreto preténdese avanzar máis nesta liña, establecendo as condicións de traballo dos mariscadores de maneira que estes sexan, xa definitivamente, equiparados a outros traballadores.

Finalmente, na Lei 6/1993 díctanse diversas normas sobre o permiso de explotación que cómpre desenvolver, ó tempo que se refunde nesta nova disposición todas anteriormente vixentes na materia.

## II

Por outro lado o artigo 28.5 do Estatuto de autonomía de Galicia, dispón que é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado na materia de ordenación do sector pesqueiro.

A orde ministerial do 22 de outubro de 1990, reguladora da matriculación, rexistro e permanencia na lista terceira dos buques de pesca explotados con fins comerciais, dispón que nas comunidades autónomas con competencia en materia de ordenación do sector pesqueiro a acreditación e certificación da profesionalidade do armador titular da explotación de buques da terceira lista corresponderá ó órgano autonómico competente, precepto coherente coa doutrina do Tribunal Constitucional que fixa o concepto e límite do que debe entenderse por ordenación do sector pesqueiro (os que poden exerce-la actividade pesqueira directamente, condicións profesionais, rexistros, etc.); por esta razón, regúlanse no presente decreto as normas para a obtención do certificado de profesionalidade dos armadores titulares de buques da terceira lista.

Xa que logo, por proposta do conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, oído o Consello Galego de Pesca na súa sesión do día trinta de novembro de mil novecentos noventa e tres, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezasete de decembro de mil novecentos noventa e tres.

## DISPOÑO:

### CAPÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1º

O permiso de explotación é o título administrativo que habilita para exerce-la actividade extractiva dos recursos mariños no espacio marítimo-terrestre, augas e ámbito xeral de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2º

De acordo coa evolución da campaña, a situación social do sector e os estudos biolóxicos sobre os estados dos recursos mariños, e tras consulta ao sector, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura establece para cada zona e modalidade extractiva, o número e permisos de explotación que se outorgarán en cada período.

#### Artigo 3º

1.—Os permisos de explotación serán solicitados por interessado nas delegacións territoriais ou comarcas da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ou bien a través das confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros ou calquera outra entidade associativa do sector.

2.—À solicitude do permiso de explotación xuntarase a folla de autoliquidación das taxas reguladas no Decreto lexislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo 3º do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 4º

1.—O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños pendente de pagamento.

2.—O permiso de explotación poderá ser retirado de acordo co disposto no artigo 11.2.d) da Lei 6/1991, de infraccións en materia de protección dos recursos marítimo-pesqueiros.

#### Artigo 5º

A revalidación dos permisos de explotación requirirá:

1.—Acreditación de ter realizado unha actividade extractiva suficiente, nos termos que se determine regulamentariamente. A inactividade ocasionada por forz maior non será causa impeditiva da revalidación.

2.—Ter remitidos os datos de extracción á unidad estatística da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

3.—Ter realizada a correspondente declaración á Fazenda pública dos ingresos que deberán ser acordados nos datos remitidos segundo o apartado anterior.

#### Artigo 6º

1.—O outorgamento, revalidación, traslado e transmisión dos permisos de explotación será resolto polos delegados territoriais da Consellería de Pesca, Marisqueo e

e Acuicultura do ámbito territorial que lles corresponda e dentro dos límites a que se refire o artigo 2 do presente decreto; nos supostos previstos nos artigos 13 e 19 a resolución corresponderelle ó director xeral de Marisqueo e Acuicultura.

2.—As solicitudes de outorgamento, revalidación, traslado e transmisión dos permisos de explotación entenderanse desestimadas se non se dictase resolución expresa no prazo de dous meses desde a súa solicitude.

No caso de que o permiso de explotación se solicite ó amparo dun Plan Xeral de Explotación Marisqueira a falta de resolución expresa no prazo e termos regulamentariamente establecido terá valor positivo.

## CAPÍTULO II

### DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA EMBARCACIÓN

#### Artigo 7º

1.—Para o exercicio da actividade extractiva tódalas embarcacións que faenen nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou rexistradas nela requirirán do permiso de explotación dentro dos límites e termos previstos no artigo 2 e no presente capítulo; en todo caso, terán que respecta-los tamaños, as artes autorizadas, potencia de motores, zonas e períodos de pesca segundo a legislación estatal ou autonómica que lles sexa de aplicación.

2.—O permiso de explotación constitúe un requisito imprescindible sen o cal a embarcación non poderá ser despachada pola autoridade competente.

#### Artigo 8º

O permiso de explotación para embarcacións outorgárase a nome da embarcación por períodos consecutivos de 5 anos, ata un máximo de 30 anos, debendo ser revalidado anualmente.

#### Artigo 9º

1.—Terán dereito a obte-lo permiso de explotación, dentro dos límites a que se refire o artigo 2 do presente decreto, as embarcacións que estean inscritas no Registro de Buques da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e cumpran as normas vixentes en materia de seguridade.

2.—O armador da embarcación non poderá ser titular de concesións ou autorizacións administrativas para a explotación dos recursos mariños nas zonas marítimas e marítimo-terrestres.

#### Artigo 10º

1.—No permiso de explotación faranse consta-las modalidades e artes de pesca anualmente autorizadas, así

como a zona de pesca, de acordo co que estableza a normativa de aplicación.

2.—Con cada revalidación anual determinaranse a zona de pesca, artes ou modalidades autorizadas, que virán limitadas en función do estado da explotación dos recursos.

#### Artigo 11º

O arqueo máximo permitido para dispoñer do permiso de explotación para pesca en augas interiores e marisqueo na Comunidade Autónoma de Galicia será de 50 TRB, sen prexuízo de que sexan establecidas limitacións de tonelaxe e potencia máis restrictivas.

#### Artigo 12º

1.—O permiso de explotación extinguirase nos supostos de perda da embarcación por afundimento ou accidente, despezamento ou venda.

Non obstante, poderá trasladarse o permiso de explotación a outra embarcación nos supostos de perda, despezamento ou substitución de nova embarcación, sempre que a embarcación que a substitúa se o faga no período de un ano ou, se fose de nova construción, esta se iniciase dentro do prazo de un ano desde a perda ou despezamento; en todo caso, a nova embarcación deberá cumplir os requisitos do artigo 9.1 e contar coa autorización a que se refire o artigo 6.

O permiso así obtido considerarase novo para os efectos do cómputo dos prazos establecidos no artigo 8 do presente decreto.

2.—Así mesmo, poderá autorizarse a transmisión do permiso de explotación nos supostos de venda, sempre que se manteña como porto base unha da Comunidade Autónoma de Galicia e logo da autorización á que se refire o artigo 6.

#### Artigo 13º

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá outorgar permisos de explotación para augas da súa competencia, a armadores de embarcacións con base en portos que estean fóra da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que o estado dos recursos o permita ou medie acordo entre as respectivas comunidades autónomas.

#### Artigo 14º

1.—Corresponde á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura a expedición do certificado de profesionalidade dos armadores de buques pesqueiros, con independencia das augas onde faenen.

2.—Para obte-lo dito certificado deberá acreditarse a profesionalización mediante a presentación de certificacións das vendas brutas anuais, da liquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto de sociedades, ou de calquera outro documento para tal fin, referido ó período anual anterior.

### CAPÍTULO III

#### DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA O MARISQUEO A PÉ

##### Artigo 15º

O permiso de explotación para o marisqueo a pé é a habilitación necesaria para exercela actividade nas zonas marítimo-terrestres de libre marisqueo e nas zonas de autorización ou concesión administrativa de acordo coas especificacións contidas nel.

##### Artigo 16º

O permiso de explotación para o marisqueo a pé será persoal e intransferible, outorgarase por un período de cinco anos e revalidarase anualmente.

##### Artigo 17º

Para obte-lo citado permiso, o solicitante deberá cumpri-los seguintes requisitos:

- a) Realizar de forma habitual e como medio fundamental de vida os labores de marisqueo, sen prexuzo de que estas se simultaneen con outras actividades de explotación do mar.
- b) Non ser titular de concesión ou autorización administrativas para a explotación dos recursos mariños nas zonas marítimas e marítimo-terrestre.
- c) Estar empadroad o nun municipio do litoral de Galicia.
- d) Estar en posesión do certificado de mariscador.
- e) Ser maior de 18 anos ou menor emancipado e non ser maior de 65 anos.
- f) Non ser pensionista de xubilación, invalidez permanente, absoluta ou total para calquera profesión, en favor de familiares, ou perceptor da pensión da renda de integración social en Galicia.
- g) Non estar incapacitado para exercer os labores de marisqueo.

##### Artigo 18º

No permiso de explotación para marisqueo a pé farase consta la zona de extracción permitida, xa sexa esta de libre marisqueo ou sometida a autorización administrativa; neste último suposto só poderán marisca-los titulares do permiso de explotación que pertenzan á entidade titular daquela, deixando a salvo os dereitos de terceiros.

##### Artigo 19º

Para o exercicio da actividade extractiva a pé en zonas marítimo-terrestres de difícil acceso, poderá autorizarse excepcionalmente a utilización dunha embarcación auxiliar, que deberá estar inscrita na lista cuarta do Registro de Buques, e poderá contar cun motor sobreaborda de ata catro CV como máximo.

### CAPÍTULO IV

#### DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA RECURSOS ESPECÍFICOS

##### Artigo 20º

O permiso de explotación para a captura ou extracción do percebe, ourizo, peneira, algas e outras especies de interese comercial que sexan reguladas pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura virá condicionado á previa inscrición do seu titular no plan de explotación específico regulamentariamente establecido.

##### Artigo 21º

Cando a extracción se pretenda realizar con técnicas de mergullo, o permiso de explotación quedará condicionado á posesión da titulación ou requisitos específicos que se determinen.

##### Artigo 22º

O número de permisos de explotación autorizados e a súa posible alternancia con outros decidiránse de acordo co previsto no artigo 2 do presente decreto.

#### Disposición adicional

Os titulares dos permisos de explotación regulados no presente decreto deberán darse de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, nos prazos e condicións previstos no texto refundido da Lei 116/1969 do 30 de decembro, e da 24/1972, do 21 de xuño, reguladoras do devandito réxime, aprobado por Decreto lexislativo 2864/1974, do 30 de agosto, e demais normas de aplicación.

#### Disposiciones transitorias

**Primeira.**—Todas aquelas persoas que á entrada en vigor do presente decreto estivesen en posesión do carné de mariscador clase B revalidado para a campaña 1991-1992 quedarán exentas da presentación do certificado de mariscador, para o que deberán solicitarlo permiso de explotación no prazo que se establecerá regulamentariamente.

**Segunda.**—Os armadores que sexan titulares de concesións administrativas en zonas marítimas ou marítimo-terrestres que teñan, á entrada en vigor deste decreto, o carné de mariscador da clase A debidamente revalidado para a campaña 1991/92 poderán mante-lo de reito á obtención do permiso de explotación para embarcación e as súas revalidacións.

**Terceira.**—Poderase realizar a actividade extractiva con embarcación sen necesidade do permiso de explotación mentres non se desenvolva regulamentariamente o presente decreto.

Cuarta.—Co fin de evitar unha drástica redución do número dos permisos de explotación actualmente existentes, as ordes que aprobe a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en cumprimento do establecido no artigo 2 do presente decreto sinalarán os períodos transitorios adecuados para o suposto de que o número de permisos de explotación que deba fixarse fose inferior ó vixente.

Quinta.—Os titulares de carnés de mariscador que, cumplidos os 65 anos, non puidesen xubilarse por non alcanza-lo período de cotización mínimo requerido, poderán obter, excepcionalmente e logo da súa xustificación, as revalidacións do permiso de explotación necesarias para poder alcanza-la dita carencia.

#### Disposición derogatoria

Á entrada en vigor deste decreto quedan derogados o Decreto 116/1987, do 14 de maio, polo que se regula a actividade de mariscador e se crea o carné de mariscador, o Decreto 127/1993, do 3 de xuño, polo que se establece o permiso de explotación para exerce-la actividade pesqueira e marisqueira, e as súas disposicións de desenvolvemento.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.—A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura dictará as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de decembro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Juan Caamaño Cebreiro  
Concelleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura